


Julio Campos González.  
A Mezquita, A Merca. 22/10/1918



CONCELLO DA MERCA



FOTOGRAFÍAS: JOSÉ RIBO TOUZA  
MONTAXE: ROI SAMPEDRO RIBO E AROA PICO JÁCOME

# 1º ROTEIRO FOTOGRAFÍCO DA MERCA

ORGANIZA:  
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CULTURA E DEPORTES

COLABORAN:  
XUNTA DE GALICIA  
DEPUTACIÓN DE OURENSE  
INORDE



Envíanos as túas fotografías: [concello@amerca.gal](mailto:concello@amerca.gal)  
Dende o 01/04/21 ata o 31/10/21  
Bases en: [www.amerca.gal](http://www.amerca.gal)



Eva Opazo Santos.  
Vilaboa, A Merca. 20/02/21

**BASES DO I CONCURSO FOTOGRÁFICO CONCELLO DA MERCA 2021**  
**CALENDARIO 2022**

**1.- PERSOAS PARTICIPANTES**

Poderán participar todas as persoas que o desexen sempre que sexan maiores de idade, ou de ser menores de idade, acheguen unha autorización asinada polos seus pais/nais ou titores/as. Non poderán participar as persoas membros da Corporación nin os/as empregados/as municipais.

**2.- TEMÁTICA**

As imaxes presentadas deben de ter por temática calquera aspecto relacionado co Concello da Merca (costumes, paisaxe, patrimonio, tradicións, festas ...). e deben ser ineditas. Deberase identificar claramente algún elemento que permita recoñecer o Concello da Merca na fotografía. Todas as fotos deben de acompañarse dunha breve explicación da súa localización e do que representan.

**3.- PRAZO DE ENTREGA**

As imaxes poderán presentarse do 1 de abril a 31 de outubro de 2021.

A entrega das fotografías pode facerse tanto en papel como en formato dixital e cun límite máximo de 3 fotografías.

Cando faga a súa entrega deberá indicar os seus datos persoais (nome, apelidos, DNI, enderezo e, no seu caso, autorización dos pais/nais ou titores/as ou persoas fotografiadas) e da forma de contacto (teléfono e enderezo electrónico).

As fotografías poden entregarse:

- No rexistro xeral do Concello da Merca nun sobre pechado indicando 'I Concurso fotográfico Calendario Concello da Merca 2022'
- Enviando un correo electrónico ao enderezo [concello@amerca.gal](mailto:concello@amerca.gal)

**4.- SELECCIÓN DAS OBRAS**

Un xurado nomeado pola Alcaldía seleccionará as 10 fotografías finalistas de entre as cales elixirá as 3 premiadas. O xurado será o encargado de decidir cantas delas serán as imaxes do calendario 2022 do Concello da Merca, tendo a primeira garantida a súa publicación.

O xurado poderá declarar deserto algún dos premios.

Ningunha persoa participante poderá ser premiada por máis dunha fotografía que presente ao concurso.

**5.- PREMIOS**

- 1º Premio: Fotografía no calendario do Concello da Merca 2022 – Fin de Semana de Turismo Rural para dúas persoas
- 2º Premio: Día Gastronómico / Balneario para dúas persoas

- 3º Premio: Cesta de produtos autóctonos con denominación de orixe

## **6.- OBXETIVO E PUBLICACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS**

O obxectivo é elixir a/as imaxe/s para o calendario 2022 do Concello da Merca. Ademais todas as fotografías que se presenten ao concurso poderán ser empregadas para exposicións culturais que organice o Concello da Merca.

## **7.- DEREITOS SOBRE AS FOTOGRAFÍAS**

A participación no concurso conleva a cesión en exclusiva dos dereitos de explotación necesarios por aplicación da Lei de Propiedade Intelectual, a favor da organización, por parte das persoas concursantes.

Para presentar unha imaxe que conteña a imaxe dunha persoa, a persoa fotografiada debera haber outorgado seu consentimento expreso e inequívoco para tal finalidade ao fotógrafo, consentimento que debera achegar xunto coa fotografía.

A participación neste concurso implica a total aceptación destas bases. As persoas participantes serán plenamente responsables de que non existan dereitos de terceiros das obras presentadas, así como de toda reclamación sobre posibles dereitos de imaxe.